

**CURSO 2012-2013**

# O OUTEIRO



**CEIP DE SOUTELO DE MONTES**

# ÍNDICE

EDITORIAL

FESTAS GALEGAS

O SAMAÍN

O MAGOSTO

O NADAL

DÍA DA PAZ

ENTROIDO

ROSALÍA DE CASTRO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

ENDL

O RECUNCHO DE RELIXIÓN

COOTELO: A NOSA COOPERATIVA

OUTRAS ACTIVIDADES

- Capoeira
- Conta contos
- Concertos
- Saídas didácticas
- Deporte escolar

AS RECEITAS DE RUBÉN

PASATEMPOS E HUMOR

PÁXINA WEB

# EDITORIAL

Estimad@s amigos e amigas:

Un ano máis sacamos á rúa un novo número da revista " O OUTEIRO " co gallo de amosar dun xeito resumido algúns dos traballos, celebracións, festivais, concertos... que se desenvolveron no CEIP de SOUTELO DE MONTES ao longo do curso 2012/13.

Quixera dende aquí agradecer aos alumnos, aos mestres , ás familias e a ANPA a súa implicación na vida do Centro, feito que nos axuda a conseguir un ambiente realmente acolledor e tamén transformar este agradecemento no desexo de que para o vindeiro ano siga este clima.

É posible que se puidese facer mais, é posible que tiveramos fallos, é posible que nos esqueceramos de algo, pero é verdade que todo o que fixemos foi con toda nosa boa vontade, con todo noso entusiasmo, con toda nosa boa fe.

Aí vai pois a nosa vida no Centro nunhas páxinas.

O Director

# FESTAS GALEGAS

- O Samain, a primeiros de novembro



- O Magosto, no mes de novembro



- Os Maiores, en relación coa primeira



- O Día das Letras Galegas que se celebra o 17 de maio.



2013

→ Roberto Vidal Bolaño



# SAMAÍN



Trátase dunha festa moi divertida que nos gustou un montón a todos.

**ANDREA:** Gústame moito disfrazarme de bruxa  
**ÁLEX:** A min gústame o Samain porque é divertido

**LAURA:** As cabazas que fixemos quedan moi bonitas

**FRAN:** No Samain xogamos aos vampiros e ás bruxas.

**ÁNGEL:** Gústounos moito o concurso das cabazas, algunhas metían medo.

**NAVARA:** Disfrazámonos de vampiros e divertímonos todos xuntos.

**MIRIAN:** Pasámolo moi ben e tivemos moitas sorpresas: balsas de chuches.

**SILVIA:** No Samain gústame facer bromas.

**IVÁN:** Rímonos moito cos vídeos que nos puxeron.

~~Andrea~~ ~~Laura~~ ~~Fran~~ ~~Ángel~~ Navara Silvia ~~IVÁN~~  
~~ALEX~~  
Mirian

Alumnos/as de 1º e 2º.






# O MAGOSTO

Este ano apetécenos falar do magosto do 2012. Esta festa é moi antiga. No noso colexio sempre a celebramos. Foi o día 14 de novembro.

Primeiro agamos a castaña para comer. O castor pirtamos a castaña e o profe Miguel entivo pirtando aos profes.



Despois fixemos as actividades do magosto por grupos e divertímonos moitísimo! En toda a tarde non tivemos clase. As actividades que fixemos foron moi divertidas.

Primeiro fixemos o xogo das pistas no que había que buscar unhas castañas de cores e despois xogamos ao brile e ao pano.

Nikolás, Miguel.L, Miguel.S, Uxia, Adán.4º







# O NADAL

O día 20 de decembro celebramos o Festival de Nadal con moitas actuacións coma de costume e con D. Miguel coma presentador.

Os alumnos de infantil cantaron unha panxoliña titulada " Rodolfo o reno " acompañados pola súa profe Chus e logo fixeron unha coreografía de nome " Un lobiño no portal " no que ían vestidos de lobos e que lles quedou moi ben.



Logo os de primeiro ciclo bailaron unha panxoliña hawaiana ( co seu vestiario típico ) e tamén cantaron a panxoliña Gatatumba.



A continuación tocounos aos alumnos de 6º que fixemos unha coreografía dunha panxoliña peruana (cos nosos gorros e ponchos) e despois coa orquestra de frutas interpretamos unha canción titulada " O paxaro salvaxe ".



De seguido actuaron os compañeiros de 3º e 4º, moi ben ataviados de " salseros " facéndonos disfrutar cun Cha Cha Cha e coa panxoliña " Cun sombreiro de palla ".



Chegou a quenda das nenas e nenos de 5º que fixeron unha dramatización- musical co " Pasodobre dos albaneis " ( moi espectacular e variado o seu vestuario ) e tamén tocaron con diversos instrumentos de percusión a " Muiñeira de Pontesampaio ".



Case para rematar as alumnas e alumnos de 6º representamos a obra de teatro " A outra historia de Carapuchiña Vermella " ; o público pasouno xenial e foi un gran éxito.



Como fin de festival produciuse o debut do Grupo de Gaitas do Colexio " Os terribles de Soutelo " que interpretaron o pasodobre Pastoriza.

Cando pensabamos que xa todo acabara tivemos a actuación sorpresa dos profesores e profesoras coa súa " Coreografía das vogais " ( moi revoltosos eles...).



Á hora de comer houbo un menú especial : langostinos e xamón asado, para beber coca cola e logo recibimos un agasallo de chuchería típicas do Nadal.

¡ E acabamos bailando todos !

Sebastián, Benito e Cristina.




# DÍA DA PAZ

O Día da Paz celebrámolo o 30 de xaneiro, tódolos nenos e nenas do colexio fixemos un montón de cousas :

- Escribimos mensaxes relacionados con este día nuns papeliños e logo metémoslos nun globo branco, máis tarde no ximnasio rompemos os globos e cada un leu a mensaxe que lle tocou.



- Fixemos carteis con personaxes que traballaron a favor da paz.



- Construimos uns murais ben fermosos:



- Recitamos un poema titulado . la P, la A y la Z.



- Cantamos dúas cancións relacionadas coa paz .
- E o alumnado do 2º ciclo presentounos un libro que elaboraron con frases pola paz. Explicáronnos quen foron algúns personaxes que o longo da historia loitaron pola paz e así coñecemos algo máis sobre as súas vidas.



Uxía, Paulo, Ainara e Rebeca.



# O ENTROIDO

Coma tódolos anos os nenos e nenas do CEIP de Soutelo de Montes celebramos o Entroido, neste curso foi o día 8 de febreiro. Os disfraces tiñan como tema os oficios, uns días antes dedicámonos a elabora-los diferentes materiais ( algúns reciclados ). Por cursos foron da seguinte maneira :

- Infantil de cociñeiros...mmm que rica a comida que prepararon !



- Os de primeiro ciclo foron de tunos ...que cantares máis bonitos !





- As nenas e nenos de 3º de primaria de pizzeros...que rápido me serviron a pizza !



- Na clase de 4º disfrazáronse de camareiros...semella que estás nun restaurante !



- Por último 5º e 6º foron de músicos... parece que está tocando unha orquestra!



O desfile foi polo pobo, ao chegar á Praza do Gaiteiro as nais e pais tíñannos preparado un chocolate quente. Sacamos fotos, xogamos un pouco e volvemos ao cole ( os disfraces puidémolos levar para casa ).

Na comida déronnos de sobremesa filloas e orellas.

María Álvarez Rivas ( 5º primaria )



# Día de Rosalía



24  
febreiro

2013

Rosalía de Castro naceu o 24 de Febreiro de 1837.

Foi poetisa e novelista, en lingua castelá e galega, aínda que a súa máxima creación literaria está en galego.

Naceu en Santiago de Compostela pero como viviu algúns anos en Castela, botou de menos a súa terra e escribiu Cantares Gallegos, un dos primeiros libros escritos enteiraamente en galego.

Follas Novas tamén foi unha das súas obras máis coñecidas.

No século XIX, a época na que viviu Rosalía non resultaba nada fácil escribir en galego porque esta lingua quedara reducida a un simple dialecto desprezado e desprestixiado.

O 24 de febreiro está recollido oficialmente como DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO pola Consellería de Cultura e Educación no seu Calendario do Libro e da Lectora.



# O Día das Letras Galegas no noso cole

Neste día, fixemos varias actividades:  
O alumnado de sexto leu ao resto dos menos e menas unha breve  
explicación de por que se celebra en Galicia este día todos os 17 de maio.  
O día das Letras Galegas é unha celebración para homenaxear a aquelas  
persoas que destacaron pola súa creación literaria en Galego ou pola  
sua defensa da lingua Galega.



Cada ano dedícase a unha personalidade diferente. Celebrase o 17 de maio  
xa que tal día como ese, en 1.863, publicouse o primeiro exemplar  
da obra cantares gallegos de Rosalía de Castro...

Alguns nenos leron unha breve biografía do autor ao que se dedicaba este ano "As letras galegas", Roberto Vidal Bolaño. Esta biografía fixémosla en forma de versos, os cales colocamos nun mural feito entre todos.

Roberto Vidal Bolaño naceu o 31 de xuño de 1950 en Santiago de Compostela. Desde sempre a súa paixón foi o teatro, ao que se dedicou totalmente. Foi director, actor, produtor, iluminador, escenógrafo, figurante, público, autor en lingua galega e promotor do teatro galego independente.

Outra actividade que fixemos foi a de "madrúas e padriños lectores". Os alumnos/as de cuarto, quinto e sexto foron padriños e madrúas de infantil, primeiro, segundo e terceiro. Fixeron un sorteo para elixir quen sería o padriño ou madrúna de cada rapaz, que elixirían un conto e o lugar onde querían llo leran. Xa que "As letras galegas" é o día de exaltación da lingua galega a través da súa manifestación literaria, os nenos e nenas escolleron un libro escrito na nosa lingua.

Ese día o pasamos moi ben, a algúns nenos gustáronlle unhas actividades e a outros, outras. Para o ano que veñen tocarámonos a nós ser padriños e madrúas. Que ganas! Pero tamén nos gustou moito cando nos leron o conto.

As alumnas e alumnos de 3º.



# Equipo de normalización e dinamización lingüística

Un dos obxectivos máis importantes que se propuxo o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística para este curso foi o de valorar e estimar a Lingua Galega facendo uso dela en todas as situacións de comunicación que se nos presentan.

Como mostra de actividades propostas para acadar este obxectivo destacamos a realizada polos alumnos e alumnas de 6º de primaria, que se encargaron de recompilar distintas manifestacións orais (refrás, lendas, contos, cantigas, testemuñas...) que se escoitan na Terra de Montes.

Aquí temos algunhas das lendas:

## OS RAPACES E VALENTÍN

Nun pobo cerca de Santiago vivían uns nenos chamados Marcos, Clara, Xurxo e María; tiñan case 14 anos e eran moi amigos. O ano pasado estes nenos tiveron unha aventura moi emocionante . Foi o Día das Letras Galegas, non tiñan colexio e decidiron ir á súa cabana que estaba no monte e mentres ían camiñando escoitaron un ruído, acercáronse e viron unha cousa parecida a un can pero con antenas e moi peludo.

Clara dixo :

- Que poderá ser ?

Marcos comentou :

- Non o sei pero é moi raro.

Mentres todos miraban para o animal dixo María :

- E se nos que damos con el ?

Xurxo respondeulle :

- Non, onde o metemos ?

E todos xuntos dixeron :

- Na cabana !!!!



Cando chegaron fixéronlle un sitio onde deitarse e puxéronlle unha manta, déronlle un anaco do seu bocadillo e fóronse. Ao día seguinte reuníronse na cabana e viron que o animal comera todo. Despois de velo e darlle algunhas cousas decidiron chamalo Valentín xa que onte fora o Día das Letras Galegas e dedicábase a Valentín Paz Andrade.

Case tódolos días ían velo e darlle de comer. O 16 de maio deste ano pasoulles unha cousa terrible, cando foron visitalo non o atoparon, buscárono case toda a tarde pero non apareceu. Ao día seguinte seguía sen aparecer mais de súpeto aparecéuselles acompañado de dúas pantasma, eran Roberto Vidal Bolaño e Valentín Paz Andrade que lles dixeron aos rapaces :

- Levámonos a Valentín.

Ao principio non crían o que estaban a ver, pero deseguida pensaron que como atoparan ao animal o 17 de maio de 2012 e se chamaba Valentín tamén se tiña que ir o 17 de maio deste ano xa que acababa a homenaxe a Valentín Paz Andrade e comezaba a de Roberto Vidal Bolaño que é a quen se lle dedicou este ano o DÍA DAS LETRAS GALEGAS .

Cristina Ogando Ballesteros

( 6º primaria )



## CONTOS DAS RODEIRAS

Cerca de Garellas, o pobo onde eu vivo, hai un castro celta ao que lle chaman As Rodeiras. Os máis vellos contan lendas do castro e dos seus habitantes que din que eran mouros.

Contan que un vendedor de viños foi facer un trato para venderlles o viño, despois de chegar a un acordo eles (os mouros) regaláronlle uns pendentos de ouro para a súa muller.




Ladeira do  
Castro vista  
desde dentro

Ao marchar desconfiou e puxo os pendentos de ouro nunca árbore. Cando veu de volta para entregar o viño veu que a árbore estaba seca e escapou cheo de medo sen facer o trato.

Tamén me contaron que debaixo do castro hai dúas vigas, unha de ouro e outra de alquitrán; se atopas a de ouro faste rico pero se atopas a de alquitrán estoupa todo...

Outros din que hai unha galiña que ten os pitiños de ouro...pero ninguén a viu.

No meu pobo tamén hai unha capela e din os maiores que unha vez lle quitaron o altar para mirar se había ouro debaixo.



# O RECUNCHO DE RELIXIÓN

O 11 de febreiro de 2013 Bieito XVI anunciou a súa renuncia a seguir sendo Papa e foi escrito ( fíxose efectivo ) o 28 de febreiro ás 20:00 horas.

Foi o sucesor de Juan Pablo II en abril de 2005 e estivo case 8 anos sendo Papa. Renunciou aos 85 anos porque se sentiu moi maior, cansado e con problemas de saúde.

Despois da renuncia de Bieito XVI iniciouse un conclave o 12 de marzo ás 17:40 horas. Tras a quinta votación, ás 19:05 horas do 13 de marzo os membros do Colexio Cardenalicio elixiron como Papa a Jorge Mario Bergoglio que adoptou o nome de Francisco. Elixiu ese nome en honor a San Francisco de Asís que dedicou a súa vida a axudar aos pobres.

É o primeiro papa Xesuíta. Os Xesuítas son sacerdotes da Compañía de xesús. É unha orde relixiosa da Igrexa católica fundada en 1540 por San Ignacio de Loyola. A súa actividade exténdese polos campos educativos, sociais, intelectuais, misioneiros e de



medios de comunicación católicos. Esta orde está ligada ao Papa por un vínculo especial de amor e de servizo, a súa finalidade é a salvación e a perfección dos próximos.

O novo Papa naceu na cidade de Bos Aires o 17 de decembro de 1936, estudou e diplomouse como Técnico Químico, para despois escoller o camiño do sacerdocio e entrar no seminario de Villa del Voto.

O 11 de marzo de 1958 ingresou no provinciano da Compañía de Xesús e licenciouse en filosofía. Dende 1964 ata 1965 foi profesor de literatura e psicoloxía. Despois continuou estudando teoloxía entre 1967 e 1970. O 13 de decembro de 1969 foi ordenado sacerdote.

En 1972 e 1973 foi profesor de novizos en Villa Barilari. O 31 de xullo de 1973 foi elixido Provincial de arxentina, cargo que exerceu durante 6 anos.

Entre 1980 e 1986 foi reitor. Tamén foi párroco da parroquia de San José na diocese de San Miguel.


En marzo de 1988 trasladouse a Alemaña para rematar a súa tese doutoral.

En maio de 1992 Juan Pablo II nomeouno bispo titular de Auca e auxiliar de Bos Aires.

O 13 de xuño de 1997 foi nomeado arcebispo coauditor de Bos Aires e o 28 de febreiro de 1998 arcebispo de Bos Aires pola sucesión e morte do cardeal Querracino.



# A NOSA COOPERATIVA




Cootelo, a cooperativa escolar de Soutelo, acadou o seu obxectivo. O espírito emprendedor que persegue o proxecto "Emprender na miña escola EME- Cooperanova" impulsado pola Deputación de Pontevedra contando coa colaboración da Xunta de Galicia logrou ilusionar aos alumnos.

Este ano 20 socios de quinto e sexto crearon a cooperativa e aproveitaron para recadar fondos para a excursión que levou aos alumnos de sexto a Salou.

Os propios escolares puxeron en marcha a cooperativa, elaborando os estatutos, elixindo a xunta directiva, escollendo o nome, o logotipo, aportando o capital social....



Recibiron da Deputación o certificado de alta da cooperativa nun acto que contou coa presenza do deputado da zona a da alcaldesa de Forcarei.



Logo de formalizar a súa constitución o seguinte paso foi a fabricación e etiquetado de diferentes produtos artesanais para a súa posterior venda. Coa axuda dos profes e dos pais fóronse elaborando alfombras de trapillo, pousa vasos, fundas, bandexas, marcapáxinas...



Só quedaba comprobar como funcionaría a venda dos mesmos, e alá se foron á feira de Soutelo, á de Doade e por último á de Forcarei. O éxito foi rotundo e xa están esperando ao novo curso para continuar co proxecto.



## OUTRAS ACTIVIDADES



EXHIBIÓN DE  
CAPOEIRA

CONTACONTOS  
RAQUEL QUEIZÁS





CONCERTO DE  
CÉ ORQUESTRA



CONCERTO DE  
SUSA HERRERA



# SAÍDAS DIDÁCTICAS

## TITIRICIRCUS: 1º CICLO



## NA PERCURA DO TESOURO: 2º CICLO



## ODAIKO NAS ESCOLAS: 3º CICLO



## A CAIXA DE MÚSICA: EDUCACIÓN INFANTIL



Icia e Salterio, xogando, estragan a caixa de música de Calderón, vello músico que toca na praza. Apesarada, Icíá buscará a xeito de arranxala topando uns habilidosos personaxes, Anacruso e Arpexio, que lle poden prestar "gran axuda". Un espectáculo con música en directo e visualmente atractivo debido á iluminación e ás cores refletantes na luz negra.

# DEPORTE ESCOLAR

Este curso, igual que en cursos pasados, participamos en diversas actividades propostas dentro do **PROGRAMA XOGADE**.

O día 29 de xaneiro comezamos no Circuito da Madalena con **CROSS**.



O día 8 de marzo, achegámonos ata o pavillón de Soutelo para esperar aos nosos compañeiros/as do CEIP Nosa Señora das Dores de Forcarei.



En marzo, tamén tivemos a visita dos compañeiros/as do CEIP San Xoán Bautista de Cerdedo. De novo, volvemos xogar a fútbol, baloncesto e balonmán.



O 19 de abril fomos ata Tenorio para xogar a última xornada de Deporte Escolar deste curso.

Este día, aproveitamos para facer unha paradia na carballeira de San Xurxo e comer o xantar. Tamén fomos de paseo polos arredores e visitamos o balneario.



E para rematar... a festa do deporte que se celebrou en Tenorio o día 7 de xuño.



# AS RECEITAS DE RUBÉN

## “ ZORZA, PATACAS E OVO “

### Ingredientes

- 4 patacas medianas.
- 8 ovos.
- 200 g de raxo de porco.
- 50 g de touciño de porco.
- Sal, pementa.
- Aceite de oliva.
- Unha culler pequena de pemento doce.
- Tomiño e romeo.
- Vinagre.



### Preparación

- 1- Pelar as patacas e cortalas ao medio, refogalas en aceite de oliva e escorrer. Deixar enfrear.
- 2- Picar a carne e o touciño e mesturar con pemento doce, sal, pementa, tomiño e romeo. Engadir unha culler de aceite de refogar ás patacas e dourar nunha tixola.
- 3- Baleirar ( facerlle un oco ) as patacas cunha culler e enchelas coa carne.
- 4- Meter as patacas ó forno e cociñalas a 180° durante 8 minutos.
- 5- Escalfar os ovos en auga fervendo con sal e un chorriño de vinagre, logo colocar enriba das patacas.

BO PROVEITO

# PASATEMPOS

## SOPA DE LETRAS

Busca na sopa de letras estas palabras relacionadas coa vestimenta ( algunhas están en galego, outras en castelán e outras en inglés ) :

*Vestido, pantalón, jersey, peto, camiseta, falda, camisa, zapato, chaqueta, short, legins, medias, chándal, sudadera e gorro.*


V	I	L	U	C	C	H	A	N	D	A	L	F
R	E	S	P	L	B	Y	X	L	K	O	W	A
Y	U	S	R	E	S	P	Q	O	T	N	J	L
W	T	M	T	G	T	L	O	E	P	S	N	D
M	F	E	A	I	B	A	P	I	R	O	T	A
E	G	C	J	N	D	T	K	G	L	S	I	H
D	O	M	A	S	P	O	N	A	R	U	L	Q
I	R	O	C	M	S	F	T	I	L	D	M	Z
A	R	J	A	L	I	N	Z	A	P	A	T	O
S	O	P	M	E	A	S	I	M	F	D	W	T
L	F	S	I	P	I	Y	E	S	R	E	J	F
S	E	U	S	H	O	R	T	T	K	R	I	R
O	C	H	A	Q	U	E	T	A	A	A	B	C



## ENCRUCILLADO

Cada número corresponde co nome dun dos mestres ou mestras do cole.

- 1- Mestra de dúas linguas, unha estranxeira.
- 2- É a mestra máis nova.
- 3- Ten o pelo roxo.
- 4- En castelán sería a nosa .....madrinha pero sen o -h.
- 5- Con ela están os máis pequenos.
- 6- En sexto ademais de ... danos plástica.
- 7- Algún instrumento sabe tocar.
- 8- Este nome rima con interesa...
- 9- O xefe.
- 10- Se andas despistado seguro que te orienta.



( 6º primaria )



## HUMOR

Había un home que tiña un loro que non paraba de cantar, un día un pouco farto meteuno na neveira a ver se así calaba, pero de repente escoita ao loro : " Navidad, Navidad...dulce Navidad "

Como sigas cantando métote no microondas, dito e feito e de súpeto óese :  
Un raio de sol oh, oh, oh.

Xa farto o señor colle ao loro e tírao contra a parede, o loro cae ao chan medio morto e óese : " devuélveme me la vida que me la has quitao....que me la has quitao..."  
( Paulo )

Que é unha hipoteca ? Unha discoteca para hipopótamos.

(Sebastián)

Dúas monxas van en moto, toman unha curva bastante perigosa a moita velocidade e seguen coma se nada. Dous policíaas que as estaban observando páranas e preguntanlles como deran tomado a curva sen caerse; unha delas resposta : é que Deus vai connosco ao que os policíaas replican :

\_ Multa por ir tres na moto. (Sebastián)

Como se chama o chino máis pobre do mundo ?

Chin un chentavo. (Sebastián)

Como se di escopeta en árabe ?

Alá vai a bala. (Sebastián)



# PÁXINA WEB



Lembrade que podedes informaros sobre as actividades do cole na nosa páxina web.

Temos información, actividades, moitas fotos, vídeos, etc.

*RATOTECA, a nosa mascota da Biblioteca.*

CEIP de Soutelo de Montes - Mozilla Firefox

www.edu.xunta.es/centros/ceipsoutelomontes/

## CEIP SOUTELO DE MONTES

Mapa do sitio Portal educativo SEM Correo Webs dinámicas

Iniciar sesión: Acceso

### O centro

- Localización
- Dependencias
- Equipo Directivo
- Consello escolar
- Profesorado
- Secretaría
- Servizos

### Profesorado

- Profesional
- Reunións

### Biblioteca

- Animación á lectura
- Recomendámosche

### Pais/Nais

- Actividades
- ANPA
- Novas

### A nosa cooperativa - COOTELO

- Actividades
- Quen somos
- Socios

Enviado por vanezaiglesias en Dom, 05/19/2013 - 19:20. **Complementarias**

O Día das Letras Galegas do ano 2013 está adicado a **ROBERTO VIDAL BOLAÑO**.

**"Roberto Vidal Bolaño**, un dos promotores do teatro profesional en Galicia.

Foi un activo defensor da normalización lingüística na escena galega.

Integrante do Grupo Abrente, participou na fundación de varios grupos de teatro, participando neles como autor, director, actor, escenógrafo...sendo recoñecido o seu labor con numerosos premios literarios"

Texto elaborado polo Seminario Galán.

A continuación podedes ollar o telexornal que elaboraron os mozos e mozas do CPI dos Dice-Rois:

### Eventos

« Xuño 2013 »

Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sáb	Dom
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

### Actividades

- Escolares
- Complementarias

### Departamentos

- Educación Infantil
- 1º Ciclo
- 2º Ciclo
- 3º Ciclo
- Coñecemento
- Educación física
- Linguas estranxeiras
- Matemáticas
- Música
- Orientación
- Pedagogía Terapéutica

### Revista escolar

- Último número

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsoutelomontes/>

ATA O PRÓXIMO CURSO  
FELICES VACACIONES

